




# TORRE DE HÉRCULES

PATRIMONIO DA HUMANIDADE  
e as súas lendas



## A torre de caramelo\*



Esta é a nosa torre, o noso símbolo. A súa silueta reflicte sobre o océano a personalidade atlántica de quen habitamos A Coruña. A Torre de Hércules é parte do noso patrimonio e, desde o ano 2009, tamén é Patrimonio da Humanidade.

É única, e tamén é o faro máis antigo do mundo en funcionamento. Construída polos romanos no século I, orixinalmente era máis baixa, máis ancha e cunha rampla para subir o combustible que alimentaba a súa luz.

En 1788, Eustaquio Giannini inicia a súa gran reforma coa axuda de José Cornide, rexedor da cidade. O proxecto conservou e realzou os restos romanos do monumento. Recubriu o faro romano cunha fachada de gusto neoclásico, cunha franxa ascendente que lembra a rampla orixinal. Máis tarde engadíronse: o remate superior que alberga a lámpada, a edícula que acubilla a inscrición latina e a plataforma da base.

A de Giannini é a Torre que ves hoxe debuxada nos solpores da Coruña. Nunca a esquecerás, nas túas viaxes polo mundo non verás moitos faros de planta cadrada e alma romana.

## \*de Picasso

Pablo Picasso viviu parte da súa infancia na Coruña debuxando e pintando a Torre en varias ocasións. Ao pequeno artista gustáballo chamala Torre de caramelo.

## ...perfis:

**Gaio Sevio Lupo.** A Torre de Hércules é o único faro romano do que se coñece o nome do arquitecto. El mesmo encargouse de perpetuar o seu nome ao gravalo nunha inscrición votiva dedicada ao deus Marte Augusto e que se pode ver aos pés da construción.

**Eustaquio Giannini.** Enxeñeiro militar encargado de realizar, a finais do século XVIII, a modificación máis importante que sufriu a Torre. Giannini tamén deixou unha memoria en tinta sobre pedra como sinatura da restauración que converteu á torre nun faro moderno á altura da época.


**Raíña Isabel II.** En 1858, con motivo da visita da raíña á cidade, decidiuse "embelecer" o interior da Torre de Hércules. Para iso ocultáronse as paredes internas con falsos muros de barrotillo, fíxose un recubrimento con papel estampado e teas e construíronse falsos teitos para tapar as bóvedas.

**José Cornide.** Erudito coruñés que publica en 1792 "Investigacións sobre a fundación e fábrica da Torre chamada de Hércules", obra que segue sendo clave para o estudo do faro.

## Lendas

### A Lenda de Hércules

Cóntase que había un xigante chamado Xerión, que reinaba nas terras do Texo ao Douro e que tiña ameazada a toda a poboación. Despois de tres días de loita, Hércules venceu o xigante, enterrou a súa cabeza e sobre ela mandou construír unha torre. Nas súas proximidades fundou unha cidade chamada Crunia como lembranza da primeira muller que habitou este lugar e da cal se namorou. Cando Hércules marchou, Espán dotou á torre dun candil cun lume que nunca se apagaba. Tamén colocou un grande espello polo que se vían vir as naves inimigas.



Escultura de Hércules no CIAV Francisco Leiro, 1992

### Breogán e Ith

Cóntase que tras conquistar todo o territorio, fundou a cidade de Brigantia (A Coruña) e construíu unha torre. Á súa morte, sucedeu o seu fillo Ith, o cal ao ver desde o alto da Torre as terras de Irlanda partiu para conquistalas. Foi asasinado e o seu corpo devolto a Brigantia, onde foi enterrado. A testemuña foi recollida polo seu fillo Mil, quen tentou de novo a conquista de Irlanda e esta vez conseguiu vencer os Thuatha-Dé-Dannan e dominar todo o país.

### Relato de Trezenzonio

Cóntase que o monxe Trezenzonio viaxa a Galicia, unhas terras deshabitadas. Na súa costa descobre unha alta construción, o Faro Brecantium, ao que se achega e sobe. Divisa unha illa e viaxa até ela. Alí entra nun estado de beatitude que dura sete anos. Pasado ese tempo, un anxo ordénalle regresar pero el negase. Sofre o castigo de quedar cego e o seu corpo cóbrese de chagas. Implora o perdón divino e regresa nunha barca a Galicia, pero ao chegar o Farum Brecantium está semiderruído e a cidade repoboada.


## A visita á Torre

1


**CIAV**  
O Centro de Interpretación e Atención ao Visitante (CIAV) está situado nas inmediacións da Torre de Hércules. Ademais da recepción, onde o persoal atende os visitantes, o CIAV dispón dun espazo expositivo no que se explica a evolución histórica da Torre, a súa función de faro e a súa relevancia estratéxica dentro do imperio romano.




**XACEMENTO ARQUEOLÓXICO**  
Na entrada á Torre atópanse os restos dos alicerces orixinais e das construcións que foron acaroadas ao faro.



**INSCRICIÓN LATINA**  
Ao pé da torre consérvase a inscrición romana co nome do arquitecto protexida por unha edícula do século XIX.



**CÁMARAS**  
O núcleo interno romano está dividido en tres plantas, e cada unha, en catro cámaras cubertas por bóvedas de canón. Todas as cámaras conservan os modos de construír tipicamente romanos.




**SALA CIRCULAR**  
Deseñada por Eustaquio Giannini, ocupa o lugar dunha antiga rotonda romana cuberta cunha cúpula. Conserva, en gran medida, o chan romano.



**LANTERNA DO FARO**  
O fanal que alberga a lanterna do faro construíuse en 1804. A lámpada emite, cada 20 segundos, un grupo de 4 escintilleos.



**ANTIGA LANTERNA**  
A rotonda superior da Torre de Hércules, substituída no século XVIII pola Sala Giannini, posiblemente albergaba o sistema de iluminación do faro romano. Segundo as últimas investigacións, a Torre de Hércules iluminouse cunha lámpada de aceite similar ás de uso doméstico, pero de enormes dimensións. Esta peza atópase actualmente nas escavacións da Torre.



**A OPUS CAEMENTICIUM**  
Cascoetes de croios amalgamados con morteiro de cal na bóveda.

**B OPUS VITTATUM**  
Cachotaría cuadrangular disposta en fiadas para as paredes.

**C OPUS QUADRATUM**  
Grandes perpiños para portas e xanelas.

### MÁIS INFORMACIÓN EN:

[www.torredeherculesacoruna.com](http://www.torredeherculesacoruna.com)

[www.turismocoruna.com](http://www.turismocoruna.com)

### SÍGUENOS EN:



**Torre de Hércules**  
Doutor Vázquez Iglesias, s/n  
15002 A Coruña  
T +34 981 223 730  
torredehercules@coruna.es

### HORARIO TORRE

INVERNO (OUTUBRO A MAIO)  
DE LUNS A DOMINGO 10:00 h - 17:30 h  
VERÁN (XUÑO A SETEMBRO)  
DE LUNS A DOMINGO 10:00 h - 20:30 h

### HORARIO CIAV

INVERNO (OUTUBRO A MAIO)  
DE LUNS A DOMINGO 10:30 h - 17:30 h  
VERÁN (XUÑO A SETEMBRO)  
DE LUNS A VENRES 9:00 h - 20:30 h  
SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS 10:00 h - 20:30 h

### VENDA DE ENTRADAS NO CIAV

INVERNO (OUTUBRO A MAIO)  
DE LUNS A DOMINGO 9:40 h - 17:15 h  
VERÁN (XUÑO A SETEMBRO)  
DE LUNS A DOMINGO 9:40 h - 20:15 h



# A CORUÑA

SEMPRE ABERTA



TORRE DE HÉRCULES - PATRIMONIO DA HUMANIDADE - A CORUÑA  
O único faro romano, do mundo, en funcionamento

## A Torre no tempo:



SÉCULO I  
posible alzado



1788  
estado previo á reforma



1788-1790  
reforma e estado actual

Desde 2008, a Torre de Hércules está irmandada coa Estatua da Liberdade, dous grandes símbolos que unen o novo e o vello continente a través do Atlántico; e co Faro do Morro en La Habana, o máis antigo do continente americano.

57 m

46 m\*

25 m

TORRE DE HÉRCULES  
século I - 1788  
chanzos 234  
43° 23' 09" N  
8° 24' 23" W  
OpD(4) 20s  
alcance 23 millas

ESTATUA DA LIBERDADE  
ano 1886  
chanzos 156  
40° 41' 21" N  
74° 02' 40" W  
\*sen incluír o pedestal

FARO DO MORRO  
ano 1845  
chanzos 170  
23° 09' 01" N  
82° 21' 24" W  
Fl(2)W 15s  
alcance 18 millas